

**A configuración do Imperio español no século XVI
(a herdanza de Carlos I; os cambios en tempos de Felipe II: rebelión de Flandres,
incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra)**

No século XVI o trono de España foi ocupado por dous monarcas, Carlos I e o seu fillo, Felipe II, os chamados “**Austrias maiores**”, baixo cuxos mandatos a Monarquía hispánica se converteu no Estado máis poderoso do mundo grazas á **configuración e administración dun grande Imperio** que abrangía territorios situados en todo o mundo coñecido.

A orixe deste Imperio sitúase na **herdanza recibida por Carlos I (1515-1556)** ao comezo do seu reinado. Dos seus pais (Xoana *a Tola* e Felipe *o Fermoso*) e avós (Reis Católicos, maternos, e Maximiliano de Austria e María de Borgoña, paternos), herdou numerosos territorios espallados por Europa (Coroa de Castela, Coroa de Aragón, Países Baixos, Ducado de Luxemburgo, Franco Condado e Estados da casa de Habsburgo) e por América. A heteroxeneidade destes dominios foi contrarrestada cunha política integradora baseada na idea da monarquía universal e no mantemento da unidade relixiosa no catolicismo, principios reforzados tras a súa coronación como emperador do Sacro Imperio Xermánico en 1519. Estes piares levaron ao monarca a ter que facer fronte a numerosos problemas exteriores (enfrentamento con Francia, ameaza do Imperio otomán e loita contra o protestantismo). Porén, o núcleo principal do Imperio herdado por Carlos I subsistiu ata 1700.

Entre 1555 e 1556, Carlos I abdicou no seu fillo, **Felipe II (1556-1598)**, deixándolle a maior parte dos seus reinos (agás o Sacro Imperio, que recaeu no seu irmán Fernando). Durante o seu mandato, **a herdanza recibida foi aumentada**, obrigando ao rei a facer fronte a **numerosas guerras para manter a súa hexemonía** en Europa e no mundo. Destacan:

- **Rebelión en Flandres.** A política relixiosa de Felipe II, baseada na defensa a ultranza do catolicismo, provocou que en 1568 as 17 provincias que conformaban os Países Baixos e nas que se espallara a reforma protestante, comezasen unha revolta contra o rei. Malia a forte represión ofrecida polos Terzos baixo o mando do Duque de Alba, a rebelión non cedeu e en 1579 as provincias de norte, encabezadas por Holanda, lograron sacudirse o dominio español co apoio inglés e formaron as Provincias Unidas (Unión de Utrecht), que mantiveron o protestantismo. Pola contra, nas provincias do sur (Unión de Arras), o protestantismo foi erradicado e mantívose a súa unidade baixo a obediencia católica e a soberanía de Felipe II.

- **Incorporación de Portugal.** En 1580 morreu sen descendentes o rei de Portugal e Felipe II reclamou o trono como fillo de Isabel de Portugal. Empregando a diplomacia e o exército, conseguiu que en 1581 as Cortes portuguesas o recoñecesen como rei. A integración deste país significou, ademais da unidade peninsular, a incorporación do enorme imperio portugués, con posesións en África, Asia e América.

- **Guerra contra Inglaterra.** Motivos relixiosos (Cisma anglicano), políticos (apoio aos rebeldes protestantes dos Países Baixos e execución da raíña católica de Escocia, María Estuardo) e económicos (ataques ás colonias e frotas americanas) decidiron a Felipe II a organizar a invasión e conquista de Inglaterra. Para logralo formou en 1580 a Gran Armada,

que debía ir ata os Países Baixos para embarcar alí os Terzos e asaltar Inglaterra, pero a operación foi un fracaso. Como represalia, os ingleses enviaron en 1589 unha flota capitaneada por Drake, que atacou A Coruña, Lisboa e as Azores.